

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15009071	CPI Castro Baxoi	Miño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	4º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 4º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de proxectos de aula formados por situación de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios). Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

Esta programación será para 4º curso do 2º ciclo de Educación Infantil (2023-2024), desenvolveranse en 3 proxectos relacionados co eixe central do centro: "Alimentación e vida saudable", proposto dende a Biblioteca, outros 3 proxectos relacionados coas estacións e 1 proxecto transversal que se levará a cabo durante todo o curso.

O CPI Castro Baxoi, está situado no núcleo urbano de Miño, preto dun entorno natural moi rico e singular, as marismas do río Baxoi, e moi cerca das praias da Ribeira e da Praia Grande de Miño. Recibe alumnado dos concellos de Miño e Vilarmaior, que forman parte do Conxunto do Eume, xunto cos concellos de Cabanas, Monfero e Pontedeume dentro da bisbarra natural que forma o Golfo Ártabro.

Miño, situado na costa, evoluciona de maneira positiva no seu crecemento, experimentando pequenos altos e baixos en relación coa conxuntura do momento (crise económica, emigración, etc.). Na actualidade funciona como núcleo de veraneo para o Conxunto Ártabro, igual que outros da zona. En cambio Vilarmaior, situado no interior, sofre reducións moi drásticas no número de habitantes, a partir dos anos 40, como consecuencia dos desprazamentos da poboación na busca de mellores oportunidades e dun aumento do nivel de vida. É un concello menor polo seu escaso peso demográfico.

Miño está situado na desembocadura da Ría de Betanzos. Limita ó Norte co concello de Pontedeume, ó sur cos concellos de Paderne e Irixoa, ó leste co de Vilarmaior e ó oeste coa citada ría.

Cunha extensión de 34 km² ten unha densidade de poboación de 187 hab./km² e un crecemento vexetativo negativo de -6 (datos dos anos 2018 e 2017, respectivamente).

Está atravesado pola variante da N-VI Betanzos-Ferrol, pola autoestrada A-9 e pola liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol. Pertence á bisbarra das Mariñas. Baña a ría de Ares e Betanzos que lle proporcionan un clima suave aínda nas zonas situadas máis lonxe da costa.

Está distribuído territorialmente en oito parroquias: Bemantes, Calobre, Carantoña, Castro, Leiro, Miño, Perbes e S. Xoan de Vilanova.

O relevo é irregular e de pouca altura, a costa é recortada. Na desembocadura do Lambre na Ponte do Porco hai unha pequena ría que forma a praia da Alameda, a continuación da praia Grande. Logo, a costa é rochosa con calas areosas como Andaio e S. Pedro de Perbes. En fronte, unhas pequenas illas.

Os ríos máis importantes son o Lambre e o Baxoi, de pouco caudal pero fermosos; cruzados por dúas pontes famosas construídas polos Andrade. Unha deu fama ó lugar de Ponte do Porco, aínda que a primitiva atópase 1 km. máis arriba e hoxe chámase Ponte Lambre, de estilo oxival cun só arco. A outra cruza o Baxoi cerca da desviación que sae cara a Bañobre, o carón da desviación Betanzos-Ferrol da estrada nacional VI. Esta desemboca nunha zona pantanosa, as marismas.

O clima, de tipo oceánico húmido caracterízase polas suaves temperaturas e choivas abundantes. A temperatura media oscila entre os 13 e os 14º C. As precipitacións son de entre 900 e 1000 mm anuais, repartidas ó longo de todo o ano cun máximo en outono e inverno e un mínimo no verán.

Os montes son de pouca altura, o solo é de tipo cambisol ou terra parda, característicos da Galicia do Norte, de baixa fertilidade e un aproveitamento forestal -algún día con vexetación autóctona de carballos, hoxe substituídos de piñeiros e eucaliptos - e gandeiro, case exclusivo.

A economía era, tradicionalmente, de carácter agrario, gandeiro e forestal. Estas actividades económicas foron perdendo paulatinamente importancia en favor do sector servizos: turismo, sobre todo, e comercio.

Hoxe en día Miño conta con 63 afiliacións en alta laboral ao sector Gandeiro e pesqueiro. A industria forestal conta con 1200 ha. dedicadas a monte para a produción de madeira, o que significa o 36 % da superficie total do municipio.

Outros sectores como o pesqueiro carecen de relevancia no conxunto da economía local. A actividade industrial non é moi importante. Dedicáanse á actividade industrial e á construción arredor dun 25% da poboación.

Miño conta cun número importante de empresas (487), en relación á poboación, pero a maioría son empresarios autónomos (352). Só 7 empresas contan con máis de 10 asalariados, e 2 contan con máis de 20.

Un aspecto a ter en conta é a crecente importancia da zona como centro de veraneo, o que ocasiona un aumento importante de poboación flotante no período estival, un notable desenvolvemento de complexos hostaleiros e zonas residenciais que lle imprimen un carácter urbano ó municipio.

O paro rexistrado, preto do 10%, vincúlase, sobre todo, ao sector servizos.

O centro Foi construído en dúas fases, a primeira -dedicada practicamente en toda a súa totalidade a Educación Primaria- foi inaugurada no curso 1995-96, e a segunda, dedicada a ESO no 1999-2000. Está situado no lugar de Telle e a súa construción é moderna e pouco funcional.

Na actualidade dispón de 5 aulas dedicadas a Educación Infantil, 14 a Educación Primaria, 8 a Educación Secundaria, 1 a aula específica, 3 para as docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, 1 de Música, e ademais dispoñemos da Biblioteca, o Laboratorio, o Ximnasio e o espazo do comedor. O resto de espazos son para os departamentos didácticos, a parte de Dirección, a sala de profesores.

O alumnado procede dos concellos de Miño e de Vilarmaior (das parroquias de Vilamateo, Güimil, O Tres e Torres). Na área de influencia deste Centro hai dous CEIP incompletos nos que se escolarizan alumnos de Educación Infantil e Primaria, os de Bemantes no Concello de Miño e o de Torres no de Vilarmaior. Os alumnos destes centros pasan a ser alumnos deste CPI no momento no que rematan o 1º Ciclo de Educación Primaria. O CPI Castro Baxoi está integrado na zona educativa de Betanzos e escolariza alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Dentro da área á que corresponde o centro, atópase o Centro Fogar María Inmaculada de Bañobre do cal recibimos estudantes de diferentes idades e en diferentes momentos do curso escolar dado o movemento que hai neste tipo de centros.

Os mestres que imparten clase en 4º de infantil son os seguintes:

MESTRAS DE INFANTIL

Patricia Otero Martínez titora 4º A Educación Infantil
Adela Mª Filgueiras Fachal Mestra de apoio

ESPECIALISTAS

María Belén Estrada García, mestra de inglés

Begoña Allegue Calvo, mestra de Relixión

Antonia Filgueiras Bernardo, mestra de Música

Manuel Losada González mestre de Psicomotricidade

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hábitos e rutinas	<p>Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional...).</p> <p>Recollerá tamén as actividades iniciais de acollida do alumnado xa que é a súa primeira incorporación no centro e na aula. Incluirase aquí o periodo de adaptación que se ten que realizar neste curso e tamén todas aquelas actividades que realizaremos posteriormente de presentación de novos integrantes da clase, novos espazos, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, etc...</p>	40	X	X	X
2	O noso corpo	<p>Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autocoñecemento a través do descubrimento do seu propio corpo. Poderemos levar a a cabo proxectos relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións...</p>	40	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O noso corpo	Levaremos a cabo propostas centradas na exploración activa do corpo relacionando o movemento coa expresividade tanto corporal coma oral, iniciando o coñecemento de vocabulario relacionado coas emocións así como a expresión de sentimentos para favorecer o aumento do seu repertorio comunicativo. Iniciaremos ao alumnado no coñecemento e reprodución de cantigas, xogos de palabras, identificación de elementos de imaxes... sempre de forma activa, lúdica e manipulativa.	40	X		
3	Descubrimos argallando	Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. As diferentes linguaxes (oral, escrita, corporal, musical, plástica, e audiovisual) cobrarán gran importancia nos proxectos dentro desta categoría, así como as transferencias entre eles. Todas as actividades partirán da liberdade, intentando non ofertar modelos que estereotipen a práctica do noso alumnado, fomentando sempre a creatividade e a expresión persoal de cada nena e neno.	40	X		
4	A alimentación saudable	Levaranse a cabo propostas centradas en pequenas actividades de descubrimento onde iniciemos ao alumnado na busca de información, recopilación e interpretación da mesma. Sempre empregando diferentes formatos e soportes favorecendo a accesibilidade de todo o noso alumnado. A alimentación saudable serve de fío conductor do proxecto anual do centro, que este ano é " A alimentación e vida saudable" ademais é unha temática de moitos dos seus xogos, contos, no que deixemos voar a súa imaxinación e que nos servirá para aprender unha forma de vida	40		X	
5	Que frío vai!!!	Nesta categoría traballaremos proxectos relacionados coa comunicación e representación da realidade do mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, comprensión dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descripción de procesos e fenómenos naturais...	40		X	
6	Actividade física e vida saudable	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a representación e comunicación da realidade a través da actividade física. As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario asociado á temática do proxecto. Seguindo co proxecto anual, trataremos de afondar unha vida saudable coñecendo a importancia do noso	40			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Actividade física e vida saudable	coidado, as súas características, emocións, técnicas de relaxación...	40			X
7	A miña terra	Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. Primarán as actividades de consulta de fontes de información en diferentes soportes, adaptadas a súa idade, sobre diferentes temas para poder coñecer diferentes aspectos e inicialos en accións de difusión realizando sinxelas producións en ambas linguas oficiais.	40			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Hábitos e rutinas	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa interese nalgunhas das situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese nalgunhas das situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa interese nalgunhas das situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese nalgunhas das situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa activamente nalgunhas das actividades e xogos de conciencia fonolóxica.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Escoita e interpreta algunhas mensaxes sinxelas emitidas por outras persoas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa interese nalgunhas das situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con interese a lectura de textos literarios breves	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa interese nalgunhas das situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai nalgún momento achegas sobre producións dos demais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece e acepta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.

Contidos

- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	O noso corpo	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa nalgunhas das actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos musicais.	TI
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa nalgunhas das actividades de danza e dramatización	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa nalgunhas das actividades de expresión corporal libre.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Respecto cara ás producións alleas. - Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
3	Descubrimos argallando	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa interese ante algunhas das manifestacións artísticas.	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza algunhas das creacións artísticas.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar algúns grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, a partir dalgunhas das creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Reacciona ante representacións ou manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas explorando os distintos materiais con interese	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuizos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Respecto cara ás producións alleas. - Planificación da acción en producións plásticas. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.

UD	Título da UD	Duración
4	A alimentación saudable	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.

Contidos

- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
5	Que frío vai!!!	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Ampliación do repertorio lingüístico individual.

Contidos

- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
6	Actividade física e vida saudable	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese nalgunha das actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar algunha palabra segundo as súas características	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.

Contidos

- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
7	A miña terra	40

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega unha linguaxe respetuosa coas demais persoas e se inicia no uso das convencións sociais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	TI
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Fai unha aportación persoal con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Ampliación do repertorio lingüístico individual.- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuizos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.- Memorización e recitado de textos literarios.- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuizos e estereotipos sexistas.- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.- Respecto polas producións alleas.- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.

Contidos

- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Á hora de expoñer os principios metodolóxicos que guiarán a nosa práctica educativa é necesario facer referencia; dende unha fundamentación psicolóxica, á etapa na que se atopan e as características que amosan os nenos e nenas de Educación Infantil, xa que o coñecemento psicolóxico dos nenos e nenas permitiranos comprendelos, axudarlles a adecuar a nosa acción didáctica a eles.

O alumnado do 2º Ciclo de la Educación Infantil (3-6 años); seguindo a teoría de Piaget, atópanse na etapa preoperacional, unha etapa caracterizada por un razoamento intuitivo que dará paso a un razoamento prelóxico. Nesta etapa prodúcese unha transformación da intelixencia, e aparece e se afianza a función simbólica posibilidade de substituír unha acción ou un obxecto por un signo (palabra, imaxe, símbolo). Durante esta etapa os nenos presentan una serie de características; como: a centración, o estatismo, a irreversibilidade, o egocentrismo; que se traduce nunha serie de trazos: animismo, realismo, fenomenismo e artificialismo. Ademais, amosan unha tendencia espontánea a percibir a realidade coma un todo globalizado debido ao sincretismo da súa percepción.

De acordo coas características do alumnado, sinalar que; dende unha fundamentación pedagóxico-didáctica, a metodoloxía que guiará a nosa tarefa educativa será activa e baseada nunha visión constructivista do aprendizaxe e nos principios de intervención educativa e os principios metodolóxicos recollidos no currículo vixente. Así, basearémonos nunha perspectiva globalizadora, na que aproximaremos aos cativos ao que han de aprender dende unha perspectiva integrada, diversa e de forma dinámica e inter- relacionada; tal e como sinalaba Decroly. Ademais, seguindo a Ausubel, fomentaremos nos nosos alumnos aprendizaxes significativas, planificando propostas educativas ligadas aos intereses dos nenos e aos seus coñecementos previos e prestando especial atención ás necesidades e individualidades de cada un dos nenos realizando as actividades diarias en contextos de colaboración; facendo realidade o principio de individualización e socialización.

Ademais atenderemos ao estadio evolutivo e o ritmo e estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe de cada neno, facendo realidade o principio de consistencia evolutiva. A nosa metodoloxía estará centrada tamén no aprendizaxe por descubrimento e o principio de actividade; tal e como propoñía Vigotsky, deixando que o neno actúe, investigue, observe, manipule e se sinta protagonista e artesán do seu proceso de ensino- aprendizaxe. Tamén, o principio de actividade lúdica, presidirá todo acto educativo, xa que o xogo nesta etapa, constitúe a principal fonte de actividade infantil.

Dende a concepción da nosa metodoloxía tampouco podemos esquecer o tratamento e a importancia que daremos a que o neno adquira de forma progresiva e gradual; xa dende a etapa base do sistema educativo, habilidades, destrezas e actitudes relacionadas coas oito competencias básicas, xa tratadas noutro apartado anterior.

Dentro da metodoloxía na que nos baseamos, tamén está o método ABN e o traballo por proxectos, unha forma de traballo nas aulas que favorece o enfoque global e desenvolve as competencias básicas no noso alumnado, convertendo aos nenos e nenas nos verdadeiros protagonistas da súa aprendizaxe e axudándolles a identificar problemas e cousas para aprender, tomar decisións conxuntas, relacionarse e aprender entre iguais, buscar canles de autonomía (aprender a aprender), saber que do erro tamén se aprende, presentar ideas, a discutir, a traballar en grupos, a buscar información e a traballar con esa información, seleccionándoa, procesándoa e elaborándoa.

Todos estes principios metodolóxicos levaranse a cabo nun clima que proporcione ao neno unha educación e un ambiente afectivo-emocional axeitado no que se sintan seguros e no que constrúan o coñecemento a partir dunha auto-imaxe positiva; fío condutor de todo proceso de ensino-aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reprodutor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículo, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: bloques de gomaespuma de psicomotricidade, aros, colchonetas, pelotas, zancos, saquitos de arena, conos, petos, bancos suecos
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Materiais para educación musical: instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI), pelota, cinta de cores, globos, campás afinadas, metalonotas, tarxetas con imaxes de instrumentos, memoria USB con arquivos de audio, alfombra de pegadas de pés

Os materiais son elementos mediadores no proceso ensino-aprendizaxe que condicionan a actividade infantil e, consecuentemente, a calidade das aprendizaxes.

Tanto os materiais didácticos como os curriculares adaptáranse os tipos de contidos, ás características e necesidades do contexto educativo no que nos atopamos e, consecuentemente ás características, idades, necesidades e intereses do alumnado, de forma que favorezan o desenvolvemento sensorial e motor, a manipulación a interacción, observación e experimentación, o pensamento lóxico, a representación ou a comunicación oral.

Os materiais estarán dispostos de xeito que o alumnado teña fácil acceso aos mesmos e serán seleccionados tendo en conta unha serie de criterios básicos. Así os materiais que utilizemos serán resistentes, funcionais, fáciles de transportar e limpar, estéticos, atractivos, sólidos, variados, non tóxicos, seguros, manexables e versátiles permitindo diferentes graos de uso en función das necesidades de cada situación e momento. Utilizaranse todos os recursos que se consideren oportunos, intentando aproveitar situacións que xurdan, momentos específicos... todo o que por motivador, diferente ou novo, produza interese ao alumnado teremos en conta:

-Recursos persoais: titoras, familias, especialistas, mestras de apoio..

-Recursos espaciais: aula, aseos, patio, xardíns...

-Recursos materiais: este curso o equipo de infantil orientase cara o traballo por proxectos (están enlazados co eixe central proposto dende a biblioteca do centro, que este ano son "Os océanos")

Ademais, traballárase con materiais funxibles, impresos e audiovisuais, psicomotrices, que poderán ser específicos

(libros de texto, regretas, bloques lóxicos, crebacabezas, instrumentos musicais, láminas motivadoras, computadoras, tablets, aparatos reprodutores de música...), de refugallo (envases de iogur, chapas, rolos de cartón...), e do medio natural e sociocultural (pedras, area, paus,).

Traballaremos tamén con materiais innovadores como unha mesa de luz, escornabots, tablets e encerados dixitais.

Nos proxectos involucraremos ás familias, enviando unha nota completada polo alumnado no que poidan traer recortes, contos, cancións, poesías, experimentos...que poidan explicar na aula e que nos servirá de fío conductor das tarefas posteriores.

Tamén faremos uso da biblioteca do centro para coller exemplares que nos sirvan para profundizar no tema.

Usaremos scarnabots, tablets, PDI, indagaremos en blogues, páxinas web...

Materiais funxibles: témperas, acuarelas, folios, xornais, revistas, papeis de diferentes tipos...fomentado a creatividade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o periodo de adaptación, teranse en conta información obtida durante este periodo, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, e mailo Decreto 229/2011 do 7 de decembro ampliado na Orde do 8 de setembro do 2021, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a nosa intervención educativa contemplará como principio, a diversidade do alumnado.

Partimos da concepción de que todo grupo é heteroxéneo, xa que na aula conviven nenos e nenas con distintas bagaxes culturais, biolóxicas, con diferentes ritmos de aprendizaxe... o que chamamos diversidade. Esa diversidade entenderase como un elemento enriquecedor para configurar a súa personalidade e aproveitarse para o

coñecemento doutras realidades culturais, familiares, hábitos, celebracións... que axudará a unha aceptación das diferenzas e características dos demais.

Empregaremos sempre unha atención individualizada esixindo a cada alumno/a segundo as súas posibilidades e adaptando en todo momento cada actividade, para que todos/as as poidan realizar.

Dende o Departamento de Orientación tomaranse as medidas necesarias segundo as necesidades que se atopen. Contamos con unha mestra de apoio que desenvolve labores de reforzo nas aulas onde hai casos que así o requiren.

Dende a metodoloxía escollida asegúrase un correcto tratamento da diversidade que nos permita xerar un conxunto de propostas que favorezan unha resposta axeitada as distintas necesidades, intereses e capacidades do alumnado, respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas e dos obxectivos de cada curso e da etapa.

O tratamento e as medidas de atención á diversidade que se adopten irán encamiñadas en todo momento a lograr que todo o alumnado acade os obxectivos xerais e serán levadas a cabo baixo os principios de normalización (adoptando en primeiro lugar as medidas máis ordinarias posibles de intervención para deixar para o último caso as máis extraordinarias) e o de inclusión (facendo que todos os rapaces e rapazas compartan os mesmos espazos, participando activamente). Para atender á diversidade que se presenta na aula, teremos en conta:

A modificación dos tempos nas actividades segundo os ritmos de cada neno e nena.

A adaptación da axuda pedagóxica segundo os resultados obtidos.

A adecuación dos contidos e da metodoloxía ás necesidades dos nenos e do momento.

A adaptación das actividades aos alumnos e alumnas.

Os procesos de socialización e a formación en valores.

Os problemas de convivencia.

A manipulación a diversidade de materiais e recursos.

A axeitada relación coas familia dos nenos.

Os medios humanos e os recursos para a prevención de posibles deficiencias.

A adaptación da programación, xa que ten un carácter aberto e flexible.

A integración de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

Dende o Departamento de Orientación e ca axuda dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe trazarán coordinacións axeitadas para poder tratar de maneira axeitada este alumnado no caso de que se presente necesidade ó longo do curso, ademais dos casos que xa están diagnosticados de cursos anteriores

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.		X	X				
ET.2 - Autonomía e hábitos de control corporal.		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X		X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X		X		
ET.6 - Imaxe positiva de si mesmos e libre de estereotipos.		X		X			X
ET.7 - Descubrimento da contorna	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Promoción e educación para a saúde fomentando hábitos saudables	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación en valores	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico ou contacontos	No centro no 1º trimestre	X		
Visita relacionada coa alimentación saudable.	No 2º trimestre relacionado coa materia que estamos a traballar.		X	
Muíño de Pedroso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e paracelebrar o final de curso.			X
Merenda e xogos na praia da Ribeira	Actividade para coñecer o noso pobo e fomentar as actividades de gran grupo.			X
Saídas polo entorno	Aquelas que xurdan nalgún dos trimestres relacionadas cos proxectos.	X	X	X
Conmemoracións e festas	As establecidas na Orde do 3 de maio de 2023 do calendario escolar. A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Temporalización de actividades adecuada.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.

Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

Consideramos a avaliación como un elemento esencial no proceso ensino- aprendizaxe, entendéndoa como un instrumento de mellora deste.

Os mestres e mestras, que impartimos clase no ciclo avaliaremos tamén, ademais dos procesos de aprendizaxe a nosa práctica educativa, os procesos de interacción afectiva e de comunicación efectiva das persoas implicadas no feito educativo, a optimización das condicións organizativas e recursos dispoñibles e a adecuación das programacións e do proxecto curricular.

Na avaliación da propia práctica incluiremos referencias a aspectos tales como:

1. A organización da aula.

Tempos: se foron flexibles, se se respectaron os ritmos xerais e particulares.

Espazos: se se organizou e aproveitou adecuadamente o espazo

2. Materiais.

Se foron: educativos, motivadores, axeitados, socializantes, non sexistas, atractivos, suficientes.

3. Aproveitamento dos recursos do centro.

Se foron axeitados, suficientes, atractivos...

4. A relación entre profesorado e alumnado.

Se se estableceron lazos afectivos seguros

Se se creou un ambiente escolar seguro para a relación docente-alumnado.

Se se percibe un ambiente de confianza, distendido, fluído, relaxado,

5. A relación familia-centro.

Se as familias se implicaron no proceso de E-A do alumnado.

Se se facilitou a participación das familias na dinámica da aula.

6. A relación entre docentes.

Se conseguimos manter a coordinación dentro do ciclo.

Se creamos e mantivemos un clima agradable de traballo.

Se potenciamos o traballo en equipo.

7. A convivencia entre o alumnado.

Se favorecemos a convivencia do alumnado dende a organización do ambiente escolar.

Se promovemos momentos de relación entre o alumnado, como por exemplo o xogo nos distintos recunchos.

En canto aos momentos de avaliación, centrarémonos en tres momentos principais:

1. Inicial

Por nivel, ao principio do curso recolleranse nunha ficha de avaliación inicial o nivel de desenvolvemento de cada nena e neno.

Ademais, ó comezo de cada proxecto, realizarase unha avaliación de coñecementos previos.

2. Procesual

Durante a posta en práctica de cada proxecto irase recollendo información sobre os progresos que se vaian facendo.

3. Final

Ao final cada proxecto avaliaranse os procedementos e destrezas adquiridas durante a posta en práctica do mesmo. Os resultados anotaranse nos anecdotarios de aula elaborados por cada titora apropiado ó proxecto feito.

Ao final do trimestre recolleranse os progresos nun boletín trimestral que se entregará a cada familia. Cubrirase na aplicación XADE. Ao remate do curso cubrirase unha ficha de avaliación final que se gardará no expediente do alumno/a.

Ao final da etapa, cubrirase un informe de avaliación final da etapa do alumnado que remata a Educación Infantil.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil periodicamente.

9. Outros apartados